



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



**Expediente núm.:** 2025/G014/000002

**Procedemento:** Modificación de Ordenanza Municipal Reguladora

**Asunto:** Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

### ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **VINTE DÍAS** a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	<i>- Favorecer que aqueles vehículos que constitúen un elemento de patrimonio automobilístico singularmente destacado poidan acollerse a todas as vantaxes que legalmente se concedan. Neste caso á bonificación contemplada no artigo 95,6.c do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas locais.</i> <i>- Reducir, na medida das competencias municipais, a carga que este tributo de imposición obrigatoria supón para os veciños e veciñas.</i>
<b>Necesidade e Oportunidade da súa</b>	<i>E necesario adaptar a norma local a normativa</i>



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org    correo@cerdido.es



<b>aprobación</b>	<i>recente, concretamente no que afecta aos vehículos que constitúen un elemento de patrimonio automobilístico singularmente destacado</i>
<b>Obxectivos da norma</b>	<i>Aprobar a bonificación contemplada no artigo 95.6.c do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Iai Reguladora das Facendas locais</i>
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	<i>O imposto de vehículos de Tracción Mecánica é de imposición obrigatoria, sendo a modificación da ordenanza a canle ideal para aplicar a bonificación legalmente contemplada.</i>